



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello da Coruña para dar cumprida información ás persoas interesadas sobre a tramitación ou non de denuncias, o estado e a resolución das mesmas

Expediente: V.4.Q/4696/20

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2021

Sra Alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente a unha denuncia presentada na Policía Local do concello da Coruña

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que en abril de 2020 presentou unha denuncia (Rex. XXXX do 20/04/2020) contra dunha axente da policía local que ao atender o teléfono desa policía obstruíu o exercicio de dereitos cidadáns, e **o concello omitiu tramitala.**

Ante iso requirimos informe a ese concello os días 012/11 e 07/12. O Informe rexistrado indica que

- *Non se tramitou dita denuncia, logo de vistos os expedientes e escoitado o audio da chamada telefónica ao 092, por NON observar ningunha conducta reprochable á actuación da axente policial denunciada*
- *Non se lle notificou o resultado ao denunciante, debido a que a que tras haber entrado no rexistro da policía local, non se lles deu ningún trámite debido á acumulación de tarefas que tivo a sección administrativa, posto que a maioría dos axentes que a compoñen atópanse en situación de 2<sup>2</sup> actividade por razóns*

*psicofísicas y todas elas foron declaradas polo servizo de saúde laboral "persoas vulnerables ao COVID-19" e non prestaron servizo policial durante varios meses, sendo derivados para os seus domicilios, polo que o servizo de esta sección policial estivo en precario durante meses e aínda estase a poñer ao día na tramitación dos numerosos expedientes que xestiona a policía local, dando prioridade aos urxentes e aos vinculados a materia COVID-19.*

- *Tamén influíu negativamente na axilidade do procedemento o feito de atoparnos en proceso de implantación dun novo programa de xestión informática integral da policial (EUROCOP CUBE) que nos está ralentizando a xestión administrativa da policía local posto que estamos en pleno proceso de formación e información sobre este novo programa informático.*
- *A Xefatura do Corpo tivo coñecemento de estas denuncias tras a comunicación do primeiro escrito da Valedora do Pobo á que se lle comunicou que NON se había tramitado ningunha denuncia por non detectar ningunha infracción por parte da axente, considerando que a comunicación de este resultado de no detectar infracción disciplinaria ou de outro tipo, xa lle sería comunicado indirectamente polo órgano da Valedora do Pobo, unha vez que este órgano interveu*

## **ANÁLISE**

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

1. Cómpre, en primeiro lugar, lembrar que o feito que deu orixe á chamada telefónica do interesado ten que ver coa discrepancia entre unha parella arredor do traslado dun menor -o seu fillo- ao domicilio paterno. Trátase dun asunto da suficiente sensibilidade social e trascendencia individual, familiar e colectiva como para que a Administración deba extremar o coidado e a transparencia nas súas actuacións e decisións.
2. Dado que o informe non transcribe nin a chamada nin o recollido nos *expedientes vistos* non coñecemos a versión da policía local sobre os feitos que orixinaron a denuncia presentada polo interesado e o único que coñecemos é que dita denuncia non se tramitou por decisión da propia unidade municipal.

3. De acordo ao disposto no Artigo 62 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, *a denuncia é un acto no que calquera persoa, cumprindo ou non unha obriga legal, pon en coñecemento do órgano competente a existencia dun determinado feito que poidera xustificar a iniciación de oficio dun procedemento administrativo*
  
4. O Artigo 13 da mesma Lei citada no punto anterior otorgalle ás persoas na súa relación coas Administracións, entre outros, dereito a
  - *A ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos, que deberán facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.*
  
  - *A esixir as responsabilidades das Administracións públicas e autoridades cando así corresponda legalmente*
  
5. Malia que de acordo co disposto no artigo 62.5 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, a presentación de denuncia non concede, *per se*, a condición de interesado no procedemento, neste caso, o denunciante podería ter tal condición de acordo co artigo 4 da mesma norma, que indica que o denunciante terá estatus de interesado cando concurran algúns destes supostos
  - promoven como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
  - dereitos que podan resultar afectados pola resolución.
  - intereses lexítimos, individuais ou colectivos, podan resultar afectados pola resolución.

Polo que considérase que procedía, a lo menos, que se lle tivese informado dos argumentos polos que non se considerou que existían motivos para iniciar un procedemento como consecuencia da denuncia.
  
6. Entendendo que os feitos remóntanse a abril de 2020, en pleno Estado de Alarma, debemos lembrar que dita situación excepcional finalizou o 21 de xuño. E volvemos a chamar a atención sobre a natureza e a trascendencia dos feitos que iniciaron a secuencia que desembocou na presentación da denuncia e a esixencia da máxima dilixencia e transparencia, tratándose de situacións que abranguen a vida de menores

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**

- ***Informar cumpridamente á persoa interesada da tramitación ou non da denuncia, dos motivos da non tramitación e da causa da non información.***
- ***Por en marcha os mecanismos que o concello considere úteis para evitar situacións semellantes no futuro***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo